



Axenda
Urbana
Marín

Consulta os documentos en
axendaurbanamarin.com



Axenda
Urbana
Marín




O lugar onde vivimos é o que nos define.

Marca o noso carácter, a nosa historia, o xeito que temos de ser. **Marín** é o noso fogar e por iso queremos que sexa:

resiliente habitable ecolóxico
inclusivo seguro dinámico
atractivo conectado aberto

Para conseguilo, sacamos adiante a nosa **Axenda Urbana de Marín**, o maior instrumento de planificación estratéxica a longo prazo elaborado ata a data na nosa localidade. Esta follas de ruta toma como base os obxectivos de desenvolvemento sostible da ONU e o propio marco da Axenda Urbana Española.

Estes son os bloques temáticos que aborda a nosa Axenda e as liñas de actuación que consideramos esenciais para ese **Marín do futuro**:



1 REXENERACIÓN URBANA

- ✓ Humanización das principais **áreas urbanas e de actividade** (Avenida de Exército e Marina, Rúa Lameira, Rúa da Ponte, Méndez Núñez...)
- ✓ Rehabilitación das nosas **barriadas**
- ✓ Impulso do parque de **vivenda residencial**



2 TERRITORIO E MEDIO AMBIENTE

- ✓ Creación dun **Plan de Acción** contra as consecuencias do **cambio climático**
- ✓ Ampliación da **rede separativa** de abastecemento e saneamento
- ✓ Restauración ecolóxica dos ríos **Lameira e Loira**
- ✓ Rexeneración paisaxística da **praia de Mogor**



3 TURISMO, ECONOMÍA E INNOVACIÓN DIXITAL

- ✓ Mantemento e crecemento do escaparate virtual **Marín en Rede**
- ✓ **Plan de formación de profesionais**, man a man co Porto e as empresas da contorna, para cubrir necesidades de emprego
- ✓ Desenvolvemento do **Plan de Sostibilidade Turística**
- ✓ Conversión de Marín nun **territorio smart**, que use os avances da tecnoloxía Big Data



4 COHESIÓN SOCIAL

- ✓ Elaboración de protocolos e campañas en favor da **saúde física, psicolóxica e de atención á diversidade**, sobre todo en poboación adolescente
- ✓ Mellora da **conectividade dixital** nas áreas rurais
- ✓ Plan de **envellecemento activo**, reducindo a brecha dixital e o risco de soidade
- ✓ Fomento da **participación pública**, coa creación dunha plataforma específica para iso e a posta en marcha de asembleas parroquiais e de xuventude
- ✓ **Reconexión** de Marín co Porto e a Escola Naval Militar



5 MOBILIDADE SOSTIBLE

- ✓ Creación dunha **rede de camiños escolares**
- ✓ Elaboración dun **Plan de Accesibilidade municipal**
- ✓ Impulso do **proxecto MARES**, a través da Zona 2H e dos aparcadoiros públicos gratuitos
- ✓ Creación dun **parking subterráneo** no Parque Eguren
- ✓ Avaliación e posta en marcha dun **sistema de transporte a demanda**
- ✓ Creación de máis **sendas peonís e ciclistas**